

6, 13, 20 e 27 de novembro

# Ciclo de conferencias

## LAXEIRO e Os Renovadores da vangarda histórica galega

Orixe, contexto  
e transcendencia

Facultade de Xeografía e Historia

Santiago de Compostela

Aula 12

## **Laxeiro e Os Renovadores da vangarda histórica galega**

Orixe, contexto e transcendencia

### **INTRODUCCIÓN**

O grupo coñecido como Os Renovadores da nosa vangarda histórica irrompe no primeiro terzo do século XX convulsionando a nosa arte e a nosa cultura, cun proxecto de construción dunha estética propia que, por unha banda, conectase Galicia coa realidade internacional e, por outra, rexeitase unha mirada folclorista da nosa cultura.

A coincidencia no tempo dunha xeración extraordinaria de creadores e intelectuais galegos, como Carlos Maside, Rafael Dieste, Laxeiro, Isaac Díaz Pardo, Luis Seoane, Manuel Colmeiro e outros, propiciou unha revolución estética e intelectual moi acorde coas actitudes aperturistas e cosmopolitas da II República española, nun contexto que derivou cara a unha uniformización cultural, como consecuencia das circunstancias políticas posteriores á Guerra Civil.

O presente proxecto pretende un achegamento á obra dos Renovadores desde a contextualización histórica e desde unha análise transversal, para comprender o legado dos que protagonizaron os inicios da cultura galega do século XX.

Para iso, propoñemos unha serie de relatorios impartidos por diversos expertos en cuestións concretas da historia e da arte que amplíen a análise deste movemento a elementos que quizais nunca se trataron no seu conxunto en relación coa obra dos Renovadores, como son o contexto internacional das vangardas históricas, as influencias da arte medieval que Os Renovadores asumiron como propias ou a faceta antropolóxica do nacemento desta arte anovadora.

Entendemos que este proxecto vén completar unha análise dos Renovadores que, sen dúbida, axudará a comprender o seu legado e, tamén, a realidade actual das nosas artes.

## Laxeiro e Os Renovadores da vangarda histórica galega

Orixe, contexto e transcendencia

### RELATORES



#### **José Manuel B. López Vázquez**

Doutor en Historia da Arte, é catedrático do Departamento de Historia da Arte da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Experto en arte sacra medieval, moderna e contemporánea, ten publicados numerosos traballos sobre diferentes artistas, entre os que destacan os seus estudos sobre Goya, *Los caprichos de Goya y su interpretación*; obras sobre temas específicos, como *Opus monasticorum: patrimonio, arte, historia y orden*, editado pola Xunta de Galicia; numerosas colaboracións en publicacións sobre arte, como *Do Neoclasicismo ao Naturalismo*, editada polo Museo de Pontevedra; os monográficos sobre Fernando A. de Sotomayor ou Joaquín Vaamonde e diversos escritos sobre Laxeiro, Seoane e outros compañeiros de xeración.



#### **Xosé Antón Castro Fernández**

Doutor en Historia pola Universidade Complutense de Madrid, é profesor titular de Historia da Arte na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Foi subdirector xeral de Patrimonio Cultural no Ministerio de Cultura, director do Departamento de Arte da Xunta de Galicia e conser-vador do Centro Galego de Arte Contemporánea de Santiago de Compostela. É colaborador habitual en revistas especializadas de varios países; publicou, entre outras, as seguintes obras: *Expresión atlántica* (1984), *Laxeiro* (1985), *Pintura gallega 1900-1951* (1985) *Colmeiro desde Colmeiro* (1987), *Arte y nacionalismo* (1991) etc. Foi comisario de múltiples exposicións en Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo, Lisboa, Madrid e París. Membro do Padroado da Fundación Laxeiro, colaborou na realización do catálogo universal do artista.

## Laxeiro e Os Renovadores da vangarda hist3rica galega

Orixe, contexto e transcendencia



### Jos3 Manuel Garc3a Iglesias

3 catedr3tico de Historia de Arte Moderna e Contempor3nea na Facultade de Xeograf3a e Historia da Universidade de Santiago de Compostela desde 1986. Realizou estudos de Filosof3a e Letras (secci3n de Historia e Xeograf3a e secci3n de Historia da Arte) na Universidade de Santiago de Compostela, que rematou en ambas as d3as licenciaturas con premio extraordinario. Nesta universidade realizou o doutoramento con sobresaliente *cum laude* e premio extraordinario. 3 acad3mico correspondente, competente en Arte, da Real Academia de Belas Artes de San Fernando. A s3a producci3n cient3fica abrangue unha vintena de libros e m3is de douscentos estudos publicados nun amplo n3mero de revistas de investigaci3n. Foi presidente do Instituto Galego das Artes Esc3nicas e Musicais entre os anos 1993 e 1997. No 3mbito da organizaci3n cultural e, en concreto, dos proxectos expositivos, estivo 3 fronte de Galicia no Tempo (1990-1991), Gallaecia Fulget (1995-1996), Galicia, Terra 3nica (1997), Xacobeo 99 e Xacobeo 2004. Desde novembro de 2005 ocupa o cargo de director da Acci3n Sociocultural de Caixa Galicia.



### Antonio Garrido Moreno

3 doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela; arquitecto t3cnico pola Escola Universitaria de Arquitectura T3cnica da Coru3a; Premio Extraordinario de Licenciatura e Doutoramento; profesor do Departamento de Historia da Arte da Facultade de Xeograf3a e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Ten numerosas publicaci3ns entre as que destacan: *El arquitecto Rafael Gonz3lez Villar* (A Coru3a, Deputaci3n Provincial, 1999); *Escultura galega contempor3nea. A cer3mica como punto de partida* (Lugo, Deputaci3n 2001); *Coleccionistas. Eugenio Granell nas colecci3ns galegas* (Santiago de Compostela, Fundaci3n Eugenio Granell, 2001); *Luis Seoane e a s3a actividade pl3stica divulgadora* (A Coru3a, Deputaci3n Provincial).

## Laxeiro e Os Renovadores da vangarda histórica galega

Orixe, contexto e transcendencia



### Carlos López Bernárdez

é historiador de arte e profesor de Lingua e Literatura galegas. Ensaísta de temas literarios e artísticos, é autor de libros como *Breve historia da arte galega* (NigraTrea, 2005); *Maruja Mallo, a pintora da nova muller* (NigraTrea, 2010). Como comisario de exposicións levou a cabo proxectos como Diáspora, dez artistas galegos no exilio latinoamericano (Marco-Fundación Luís Seoane, 2005, Vigo e A Coruña), De Vigo a Bos Aires, Laxeiro e a pintura galega de posguerra (Fundación Laxeiro-Parlamento de Galicia, 2008); Quiñones de León. Unha nova pinacoteca para Galicia, entre outras.



### María Luisa Sobrino Manzanares

é catedrática de Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela, na que se doutorou coa tese titulada *Cuatro pintores gallegos contemporáneos: Carlos Maside, Manuel Colmeiro, Arturo Souto y Laxeiro*. O seu labor investigador está dirixido cara á área da arte contemporánea. É autora de numerosas publicacións en relación coa historia da arte galega.

### María Antonia Pérez Rodríguez

é profesora titular de Análise de Contido Documental na Universidade da Coruña e Premio Extraordinario de Doutoramento na de Santiago de Compostela pola súa tese sobre Luis Seoane. Escribiu libros e artigos sobre o movemento renovador da pintura galega e sobre refuxiados como Lorenzo Varela ou Rafael Dieste. As súas liñas de investigación céntranse na recuperación e análise de textos icónicos e escritos de exiliados galegos publicados nos medios de comunicación americanos e no estudo das editoriais nas que interviñeron ou fundaron. Foi xerente, nas oito comunidades autónomas que atravesara o Camiño de Santiago, para a promoción turístico-cultural do Camiño de Santiago Francés e do Norte.

## Laxeiro e Os Renovadores da vangarda histórica galega

Orixe, contexto e transcendencia

### PROGRAMA

| RELATOR                        |                                                                                                                                                       | RELATORIO                                                                      |
|--------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|
| <b>MARTES 6, DE NOVIEMBRE</b>  |                                                                                                                                                       |                                                                                |
| 18.00 h                        | <b>Acto de apertura</b><br>Presentación. Entrega de documentación                                                                                     |                                                                                |
| 18.30 h                        | <b>Carlos López Bernárdez</b>                                                                                                                         | <i>Os Renovadores no contexto internacional</i>                                |
| 19.30 h                        | <b>Coloquio</b>                                                                                                                                       |                                                                                |
| 20.00 h                        | <b>María Antonia Pérez Rodríguez</b>                                                                                                                  | <i>Rafael Dieste o teórico dos Renovadores</i>                                 |
| <b>MARTES 13, DE NOVIEMBRE</b> |                                                                                                                                                       |                                                                                |
| 18.00 h                        | <b>Antonio Garrido Moreno</b>                                                                                                                         | <i>A figuración na Europa de entreguerras e o seu revlexo nos Renovadores</i>  |
| 19.15 h                        | <b>Coloquio</b>                                                                                                                                       |                                                                                |
| 19.30 h                        | <b>José Manuel García Iglesias</b>                                                                                                                    | <i>Do Gótico ao Neoclásico. Pegadas dun tempo na Vangarda histórica galega</i> |
| <b>MARTES 20, DE NOVIEMBRE</b> |                                                                                                                                                       |                                                                                |
| 18.00 h                        | <b>Xosé Manuel B. López Vázquez</b>                                                                                                                   | <i>A tradición negrista. De Goya a Os renovadores</i>                          |
| 19.15 h                        | <b>Coloquio</b>                                                                                                                                       |                                                                                |
| 19.30 h                        | <b>Antón Castro Fernández</b>                                                                                                                         | <i>Notas para unha pintura antropolóxica. O caso de Laxeiro</i>                |
| <b>MARTES 27, DE NOVIEMBRE</b> |                                                                                                                                                       |                                                                                |
| 18.00 h                        | <b>María Luisa Sobrino Manzanares</b>                                                                                                                 | <i>Os renovadores. Modernidade versus tradición</i>                            |
| 19.15 h                        | <b>Coloquio</b>                                                                                                                                       |                                                                                |
| 19.30 h                        | <b>Mesa Redonda</b><br>José Manuel García Iglesias<br>Xosé Manuel B. López Vázquez<br>María Luisa Sobrino Manzanares<br>Moderador: Javier Pérez Buján | <i>Os Renovadores e a súa pegada na arte actual</i>                            |

## **Laxeiro e Os Renovadores da vangarda histórica galega**

Orixe, contexto e transcendencia

### **LUGAR E DATAS**

Facultade de Xeografía e Historia

Santiago de Compostela

Aula 12

6, 13, 20 e 27 de novembro · De 18.00 h a 21.00 h

### **DIRECCIÓN**

Xosé Manuel B. López Vázquez

### **RELATORES**

Antonio Garrido Moreno, Carlos López Bernárdez, María Luisa Sobrino Manzanares, José Manuel García Iglesias, Xosé Manuel B. López Vázquez, Antón Castro Fernández, María Antonia Pérez Rodríguez

### **DESTINATARIOS**

Estudantes de historia da arte, belas artes, periodismo, humanidades, profesores de educación secundaria, periodistas, galeristas, xestores culturais, persoas afeccionadas á historia da arte

### **MATRÍCULA**

Ordinaria: 50 € · Estudantes: 20 € · Xubilados e parados: gratuíta

### **TRAMITACIÓN**

[fundacion@laxeiro.es](mailto:fundacion@laxeiro.es)

### **PRAZO**

31 de outubro

Validación académica da USC e da Universidade de Vigo

Consultar en [www.laxeiro.es](http://www.laxeiro.es)

## Laxeiro e Os Renovadores da vangarda histórica galega

Orixe, contexto e transcendencia

### FOLLA DE INSCRICIÓN

#### Matrícula

|                  |          |
|------------------|----------|
| Ordinaria        | 50 €     |
| Estudiante*      | 50 €     |
| parado/xubilado* | gratuíta |

\* Deberá acreditar a súa condición de estudante, parado ou xubilado

Ingreso a realizar na conta:

Entidade: Nova Galicia Banco    2080    5000    69    3040268491

Concepto: Matrícula

Envío de resguardo e datos persoais:

Fundación Laxeiro, R/Policarpo Sanz, nº 15, 3º, 36202 Vigo

fundacion@laxeiro.es

A inscrición formalizarase presentando esta folla ou xustificante bancario do pagamento correspondente

Nome .....

Apelidos .....

DNI .....

Rúa ..... nº ..... piso .....

C.P. .... Concello .....

Provincia .....

Nº de teléfono .....

Correo electrónico .....

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal pasarán a formar parte dun ficheiro cuxo responsable de tratamento será a Fundación Laxeiro, entidade que se compromete a non publicalos nin utilízalos para outros fins.

Os usuarios poderán exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos seus datos e revocación da súa autorización ante a Fundación Laxeiro, nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 s XIRS L.O. 15/1999